




Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO E
SUPLEMENTO DE CRÉDITO
1/2017**





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

MEMORIA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA de crédito extraordinario e suplemento de crédito 1/2017 FINANCIADO MEDIANTE BAIXAS POR ANULACIÓN.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación ou o consignado resulta insuficiente, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do respectivo servizo, incoouse expediente para a tramitación do crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2017 por importes respectivos de 26.095,62 € e de 39.171,36 €, segundo a distribución que se sinala a continuación.

O obxecto de dita modificación orzamentaria é dotar as aplicacións necesarias para que poidan ser aprobados, nun expediente posterior de recoñecemento extraxudicial de créditos, gastos que foron realizada cunha serie de deficiencias administrativas e que determinan que ditos expediente adoezan de vicios de invalidez. Como dita invalidación traería consecuencias inxustas e lesivas para a parte a quen non é imputable a causa de nulidade, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ven aplicando nestes casos a "teoría do enriquecemento inxusto", segundo a cal "non se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades" (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986), e ademais débese ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns.

O financiamento de dito expediente o constitúe a baixa por anulación, isto é, a diminución total ou parcial do crédito asignado ás prazas dotadas no cadro de retribucións do orzamento vixente, e das cales non se vai a proceder a súa cobertura no presente exercicio, polo que prodúcese un exceso de consignación.

Código posto	Denominación
07.01.01.01	Oficial 2ª Xardineiro
07.01.01.02	Oficial 2ª Xardineiro
06.00.03	Encargado Biblioteca

Os gastos a imputar ao presente orzamento e as aplicacións do orzamento de gastos ás que se dota de crédito mediante a presente modificación orzamentaria por importe total 65.266,98 €, son as seguintes:

a) Crédito extraordinario:

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE (aumento)
COVSA/REDUCTORES DE VELOCIDAD	1533,609,00	5.808,00 €
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	165,619,00	2.505,43 €
CCS/CAMIÑOS EN CASTRELO	1523,609,00	3.430,35 €
CCS/CAMIÑOS EN CASTRELO	1523,609,00	2.589,02 €
AGRONUMA/DESBROZADORAS	1533,623,00	1.560,00 €
INSTALACIONES SALNESTEC, S.L./OBRA COLEXIO VILARIÑO	323,632,00	1.810,46 €
INSTALACIONES SALNESTEC, S.L./OBRA COLEXIO VILARIÑO	323,632,00	750,88 €
INSTALACIONES SALNESTEC, S.L./OBRA COLEXIO VILARIÑO	323,632,00	4.587,74 €
INSTALACIONES CORBISÁN/OBRA COLEXIO VILARIÑO	323,632,00	3.053,74 €



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

TOTAL: 26.095,62 €

b) Suplemento de crédito:

CONCEPTO	APLICACION	IMPORTE (aumento)
SGAE/DTOS. AUTOR 2013-2014-2015	334,226,99	4.979,62 €
SOBRAL Y ALVAREZ/XANTAR ALBARIÑO	338,226,99	19.140,00 €
BUJÁN Y ALVAREZ, SL (BALUMA)/VIAXE MÁLAGA PROM. F. ALBARIÑO	920,226,01	606,00 €
JUAN VILLAR E HIJOS/TROFEOS E PLACAS VARIAS ANO 2015	341,226,09	413,00 €
	334,226,09	261,26 €
	920,226,01	140,00 €
WASTE MANAGEMENT SPAIN, S.L.	338,226,99	10.979,21 €
PANADERIA LA MODIA, S.L.	920,226,01	81,32 €
CRISTALERIA FEIÑANES, S.L.U.	326,21,200	124,23 €
ASOCIACION CULTURAL XIRONSA CORVILLON	338,226,99	350,00 €
ASOCIACION CULTURAL XIRONSA CORVILLON	338,226,99	500,00 €
MINIEXCAVADORAS DE NOALLA, S.L.	338,226,99	423,50 €
PREFABRICADOS DENA S.L.	338,226,99	737,62 €
FERNANDEZ LORES, ROBERTO ALFONSO	338,226,99	435,60 €

TOTAL: 39.171,36 €

En Cambados, 17 de xaneiro de 2017.

O ALCALDE ASCIDENTAL





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expediente DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO e de SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/2017 FINANCIADO MEDIANTE baixas por anulación.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación ou o consignado resulta insuficiente, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do respectivo servizo, incoouse expediente para a tramitación do crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2017 por importes respectivos de 26.095,62 € e de 39.171,36 €, segundo a distribución que se sinala a continuación.

Considerando que o obxecto de dita modificación orzamentaria é dotar as aplicacións necesarias para que poidan ser aprobados, nun expediente posterior de recoñecemento extraxudicial de créditos, gastos que foron realizados cunha serie de deficiencias administrativas.

Considerando que o financiamento de dito expediente o constitúe a baixa por anulación, isto é, a diminución total ou parcial do crédito asignado ós postos dotados no cadro de retribucións do orzamento vixente, e dos cales non se vai a proceder a súa cobertura no presente exercicio, polo que prodúcese un exceso de consignación.

Tales postos, dos que se detraerá o crédito necesario, son os seguintes:

Código posto	Denominación
07.01.01.01	Oficial 2º Xardineiro
07.01.01.02	Oficial 2º Xardineiro
06.00.03	Encargado Biblioteca

Considerando que as aplicacións orzamentarias que se propón dotar son as seguintes:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO .-

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE (aumento)
INVERSIÓN NOVAS VÍAS PÚBLICAS	1533,609,00	5.808,00 €
INVERSIÓN ALUMEADO PÚBLICO.	165,619,00	2.505,43 €
PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS	1523,609,00	6.019,37€
INVERSIÓN VÍAS PÚBLICAS	1533,623,00	1.560,00 €
INVERSIÓN SERVICIOS COMPLEMENTARIOS EDUCACIÓN	323,632,00	10.202,82 €
TOTAL:		26.095,62 €



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

SUPLEMENTO DE CRÉDITO .-

CONCEPTO	APLICACION	IMPORTE (aumento)
GASTOS ARTES ESCÉNICAS	334,226,99	4.979,62 €
FESTEXOS E OUTROS EVENTOS	338,226,99	32.564,93€
ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	920,226,01	827,32 €
RMC ESCOLA E CONSERVATORIO DE MUSICA E AUDITORIO	326,212,00	124,23 €
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	341,226,09	413,00 €
ACTIVIDADES CULTURAIS	334,226,09	261,26 €
TOTAL		39.171,36 €

Considerando que as aplicacións orzamentarias que ceden crédito son as seguintes:

FINANCIAMENTO.-

APLICACIONES	DENOMINACION	IMPORTE €
1533,120,05	Retrib.básicas funcionarios operarios. Soldo grupo E	13.295,04
1533,120,09	Outras retribucións (pagas extraordinarias)	5.425,82
1533,121,00	Retrib.complem. funcionarios operarios. C. destino	7.393,68
1533,121,01	Retrib.complem. funcionarios operarios. C. específico	11.998,02
3321,120,03	Retrib.básicas funcionario biblioteca. Soldo grupo C1	8.726,76
3321,120,09	Outras retribucións (pagas extraordinarias)	1.500
3321,121,00	Retrib.compl funcionario biblioteca. C. destino	4.784,88
3321,121,01	Retrib.básicas funcionario biblioteca. C.especifico	8.005,89
3321,160,00	Seguridade Social func. biblioteca	4.136,89
	TOTAL	65.266,98 €


Á vista do exposto, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte:

1. Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos, modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito 1/2017, por un importe total de **65.266,98** euros.
2. Que se expoña ó público, mediante edicto no Taboleiro da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, e de non presentarse estas, entenderase automaticamente elevado o presente acordo a definitivo, continuándose cos demais trámites esixidos polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, en concordancia co Real Decreto 500/90 do 20 de abril.

Cambados, 17 de xaneiro de 2017

ALCALDE ACCIDENTAL

Victor Caamaño Rivas





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Providencia da alcaldía

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación ou por resultar insuficiente o consignado, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do respectivo servizo procédase polos servizos económicos do Concello a formar expediente para a tramitación do crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2017 por importes respectivamente de 26.095,62 € e 39.171,36 € segundo a distribución que se sinala na Memoria que se acompaña á presente Providencia, e para dar cobertura ós gastos sinalados na mesma.


Asemade, e en cumprimento do disposto na normativa vixente, emitase informe pola Interventora municipal no que se indique a lexislación aplicable e a adecuación á mesma do expediente proposto.

Cambados, 17 de xaneiro de 2017

O ALCALDE ACCIDENTAL:



Víctor Caamaño Rivas





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

INFORME DE INTERVENCIÓN

Informe nº EMP 7/17

ASUNTO.- EXPEDIENTE Nº 1/2017 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (en adiante TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Bases de execución do Orzamento.
- Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobado mediante Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro.

ANTECEDENTES.-

Mediante Providencia de Alcaldía de data 17/01/2016, solicitouse informe desta Intervención en relación co expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 1/2017 por importes respectivos de 26.095,62 € e de 39.171,36 €,

En cumprimento do establecido no artigo 177.2 do TRLRFL, no artigo 37.3 do RD 500/1990, e á vista da Memoria justificativa subscrita ó efecto pola Alcaldía, emito o seguinte INFORME:

PRIMEIRO.- O artigo 34 do RD 500/90 e 177 e seguintes do TRLRFL, establecen as modificacións que poderán realizar as Entidades Locais nos Presupostos de gastos, entre as cales se recollen os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito.

Procederá este tipo de modificacións para atender gastos que non poidan demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da Corporación crédito consignado (crédito extraordinario), ou o consignado resulte insuficiente (suplemento de crédito).

O financiamento pode realizarse con:

- O Remanente líquido de tesourería.
- Novos ingresos non previstos no orzamento.
- Maiores ingresos recadados sobre os consignados.
- Anulacións ou baixas noutras aplicacións orzamentarias de gastos non comprometidos.
- Con operacións de crédito, cando se trate de gastos de inversión.

Baixas por anulación. En virtude dos artigos 49 a 51 do mencionado RD 500/90, defínese a baixa por anulación como a modificación do orzamento de gastos que supón unha diminución total ou parcial no crédito asignado a unha aplicación do orzamento.

Poderán darse de baixa por anulación calquera crédito do presuposto de gastos ata a contía correspondente ó saldo de crédito sempre que dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán dar lugar a unha baixa de créditos:

- A financiación de remanentes de tesourería negativos.
- A financiación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- A execución doutros acordos do Pleno da entidade local.

SEGUNDO.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO (CONTA 0020)

As aplicacións orzamentarias que se propón dotar son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
----------	------------	---------



**Ilmo Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)

		(aumento)
INVERSIÓN NOVAS VÍAS PÚBLICAS	1533,609,00	5.808,00 €
INVERSIÓN ALUMENADO PÚBLICO	165,619,00	2.505,43 €
PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS	1523,609,00	6.019,37€
INVERSIÓN VÍAS PÚBLICAS	1533,623,00	1.560,00 €
INVERSIÓN SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCACIÓN	323,632,00	10.202,82 €
TOTAL:		26.095,62 €

TERCEIRO.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO (CONTA 0021)


As aplicacións orzamentarias que se propón incrementar son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE (aumento)
GASTOS ARTES ESCÉNICAS	334,226,99	4.979,62 €
FESTEXOS E OUTROS EVENTOS	338,226,99	32.564,93€
ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	920,226,01	827,32 €
RMC ESCOLA E CONSERVATORIO DE MUSICA E AUDITORIO	326,212,00	124,23 €
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	341,226,09	413,00 €
ACTIVIDADES CULTURAIAS	334,226,09	261,26 €
TOTAL		39.171,36 €

CUARTO.- Financiamento.

O financiamento de ditos gastos o constitúe a baixa por anulación, isto é, a diminución do exceso de crédito consignado nas aplicacións de persoal como consecuencia da existencia de prazas que se atopan vacantes nos orzamentos vixentes e respecto das cales, e tal e como se indica na Memoria da Alcaldía desta data, non se vai a proceder a súa cobertura no presente exercicio.

APLICACIONES	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
1533,120,05	Retrib.básicas funcionarios operarios. Soldo grupo E	13.295,04
1533,120,09	Outras retribucións (pagas extraordinarias)	5.425,82
1533,121,00	Retrib.complem. funcionarios operarios. C. destino	7.393,68
1533,121,01	Retrib.complem. funcionarios operarios. C. específico	11.998,02
3321,120,03	Retrib.básicas funcionario biblioteca. Soldo grupo C1	8.726,76
3321,120,09	Outras retribucións (pagas extraordinarias)	1.500
3321,121,00	Retrib.compl funcionario biblioteca. C. destino	4.784,88
3321,121,01	Retrib.básicas funcionario biblioteca. C.especifico	8.005,89
3321,160,00	Seguridade Social func. biblioteca	4.136,89
TOTAL		65.266,98 €



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

QUINTO. -Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de créditos extraordinarios, as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos, é dicir:

I.- Proposta con Memoria xustificativa do Presidente.

II.- Informe preceptivo de Intervención.

III.- Ditame da Comisión Informativa de Facenda, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

IV.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local).

V.- Exposición ó público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.

VI.- O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

VII.- O expediente de modificación de créditos, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será insertado no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios.

VIII.- Da concesión do crédito extraordinario e do suplemento de crédito se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

IX.- Contra a aprobación definitiva do suplemento de crédito e do crédito extraordinario poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto anterior, debendo ser executiva dentro do mesmo exercicio en que se autorice (artigo 38 do RD 500/90)

SEXTO.- Refrencia a estabilidade orzamentaria.

O artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.



**Ilmo Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)

Visto os capítulos do orzamento de Gastos (2 e 6) e de ingresos (1) pódese afestar que esta modificación orzamentaria non ten incidencia na estabilidade do orzamento do Concello de Cambados.

SÉTIMO.- Conclusión.-

A proposta de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito é **conformes á lexislación aplicable.**

Este é o meu informe sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en dereito. Sen embargo, o Pleno da Corporación acordará o que estime procedente

Cambados, 17 de xaneiro de 2017.

A Interventora:

Elisa Marques Parilla.